



## Ollos abertos

### En familia

En xeral as persoas viven nunha casa formando unha familia, un fogar.



#### ■ A familia

Para que haxa familia requírense varias cousas:

- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 

- ▶ De todo isto, ¿que che parece o máis importante?
- ▶ ¿Que outros elementos son necesarios para que haxa familia? Sinala dous.
- ▶ Fíxate na foto. Trátase dunha familia en Noitevela. ¿Que che chama a atención?
- ▶ ¿Que datas son importantes para celebrar en familia?



## Mirada penetrante

### A familia, máis ca un hotel

Nunha familia o máis importante non é o número de persoas, nin a casa na que habitan nin os bens que teñen en común. Iso mesmo pode suceder noutros espazos.

Os usuarios dun hotel	Os membros da familia
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Viven varias persoas no mesmo edificio.</li> <li>• Realizan algunhas actividades comúns: comen xuntos, ven a televisión na mesma sala...</li> <li>• Saúdanse, axúdanse se o necesitan, falan e comentan o que sucede...</li> <li>• Aboan unha cantidade de diñeiro polos servizos que lles prestan: comida, lavado de roupa, limpeza...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> <li>• Teñen un parentesco entre eles: hai vínculos de carne e sangue...</li> <li>•</li> <li>•</li> <li>• Comunícanse entre eles, interésanse uns polos outros; cada un considera como propios os problemas dos demais.</li> <li>•</li> </ul>

- ▶ Que diferenzas ves entre un hotel e unha familia?
- ▶ ¿Que é o máis importante nunha familia?



## Oídos atentos

### Imaxes da Igrexa

A Sagrada Escritura fálanos da Igrexa con moitas imaxes e comparacións.

1

- *A Casa de Deus é a Igrexa do Deus vivo.* (1 Tim 3,15)
- *Xa non sodes estranxeiros e hóspedes, senón que sodes membros da familia de Deus.* (Ef 2,19)



## ■ 2 ■ A Igrexa é unha, santa, católica e apostólica

- 

- 



Que todos sexan un. Coma ti, Pai, en min e eu en ti, que eles sexan tamén un en nós. (Xn 17,21)

- Cristo faina santa.

- 

- Concédelles os medios necesarios para ser santos.



Vós sede perfectos, como o voso Pai celestial é perfecto. (Mt 5,48)

- Tén a plenitude da vida de Cristo.

- 



Ide polo mundo enteiro, anunciando a Boa Nova a toda a Creación. (Mc 16,15)

- 

- É guiada polos seus sucesores, o Papa e os bispos.



Designou a doce, aos que chamou apóstolos, para que estivesen con Él e para envialos a predicar. (Mc 3,13-14)

## ■ 3 ■

A expresión "comuñón dos santos" reflicte a unidade profunda que hai entre os membros da Igrexa, vivos e defuntos, e con Deus Pai, Cristo e o Espírito.

- Os discípulos do Señor, uns peregrinan na terra, outros, xa defuntos, purifícanse; mentres outros están glorificados, contemplando claramente a Deus... Todos forman unha mesma Igrexa e están unidos nel entre si. (LG 49)

Pertencen á Igrexa...	Por iso...
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os membros que viven aínda nesta terra.</li> <li>• Os que xa morreron e gozan de Deus no ceo.</li> <li>• Os que, despois da morte, son purificados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <input type="text"/> os seus actos malos danan a todos.</li> <li>• Comunicannos a súa santidade e <input type="text"/></li> <li>• As nosas oracións e boas obras axúdanlles, para que axiña poidan gozar da compañía de Deus.</li> </ul>

▶ Le cada unha das seguintes frases. Pon V ou F, segundo sexa verdadeira ou falsa.



- A Igrexa é o templo que hai nas parroquias.
- A Igrexa é unha comunión co Pai, co Fillo e co Espírito Santo.
- A Igrexa é a comunidade de todos os cristiáns baixo a guía do Papa.
- As calidades da Igrexa son unidade, santidad, catolicidade e apostolicidade.
- A Igrexa é pecadora, porque todos os seus membros non son santos.
- Só pertencen á Igrexa os que viven nesta terra; os defuntos, ao morrer, deixan xa de ser membros da Igrexa.

V	F
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



## Memoria esperta

### Calidades da Igrexa

A Igrexa está adornada coas calidades que Deus mesmo lle concedeu. Nós debemos coñecela, querela e colaborar con ela.

- ¿Por que dicimos que é unha?
- ¿Por que dicimos que é católica?
- ¿Por que dicimos que é santa?
- ¿Por que dicimos que a Igrexa é Apostólica?

**Coloca estas catro respostas no lugar axeitado:**

- \* porque é para todos os pobos e todas as persoas
- \* porque aquí na terra xa hai moitas persoas que están facendo ben
- \* porque fai realidade o que os apóstolos fixeron e ensinaron
- \* porque é a familia dos fillos de Deus Pai, e irmáns en Xesús



## Mans activas

### Colaborar coa nosa parroquia

Todos debemos axudar á Igrexa. A mellor forma de facelo é colaborar coa nosa parroquia.